



**SAL. 011332 10.12.15 10:50**

En aplicación do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, e considerando que se cumpre os presupostos esixidos por esta normativa, artigo 27, relativos a:

**a) Solicitude do órgano convocante das prácticas de inclusión na oferta de prácticas:**

A Facultade de Ciencias imparte a titulación de Grao en Nutrición, Humana e Dietética, que recolle a posibilidade de que os alumnos/as realicen prácticas externas, institucións públicas ou privadas de ata 24 créditos ECTS, 600 horas (1 crédito por cada 25 horas), con carácter obrigatorio/optativo. Mediante estas prácticas preténdese que o alumnado desenvolva os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos seus estudos

**b) Informe da unidade receptora de alumnos en prácticas. (No caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia)**

Á vista do escrito do profesor Alberto Cepeda Sáez, responsable do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela, de 24 de novembro de 2015, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética, impartida na Facultade de Ciencias,

**Esta Reitoría resolve,**

1. Autorizar a realización de prácticas académicas externas dos/as alumnos/as da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética da Facultade de Ciencias, nas instalacións do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.
2. Establecer o seguinte réxime de prácticas académicas externas:
  - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os/as alumnos/as poderán contemplar unha dedicación máxima de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas semanais, agás casos debidamente xustificadas. No caso das prácticas curriculares computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 600 horas, que establece o plan de estudo para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como obrigatorios/optativos segundo o establezan os planos de estudo.
  - As prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de xestión das prácticas do Centro ou órgano con competencias, de acordo coa dirección do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela e concretaranse nas convocatorias que realice a USC.
  - As prácticas a realizar polo alumnado da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética terán relación coas liñas de investigación nas que traballa o do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela.

- Ningún alumno/a poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución, agás que o centro responsable da titulación autorice expresamente a realización das prácticas extracurriculares reguladas no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica e non implicarán ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinarán a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os/as alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito. No caso das prácticas curriculares optativas e extracurriculares os alumnos seleccionados deberán matricularse nos prazos establecidos na resolución de adxudicación das prácticas; de non facelo entenderase que desisten da súa realización. E cando se trate das prácticas curriculares obrigatorias ou das prácticas para a realización dos TFG/TFM é requisito necesario para a adxudicación das prácticas que o alumno estea matriculado previamente das materias vinculadas (prácticas externas obrigatorias, TFG ou TFM, segundo corresponda).
- Por cada alumno/a que realice as prácticas no Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela, deberán completarse os datos solicitados no *Modelo para cumplimentación dos datos específicos das prácticas académicas externas autorizadas por Resolución Reitoral a realizar por parte de estudantes desta Universidade*, que figura como anexo a esta resolución.
- A Comisión de prácticas, ou con competencias nesta materia da titulación de Grao en Nutrición Humana e Dietética da Facultade de Ciencias nomeará a un titor académico, que realizará o seguimento das prácticas dos estudantes. Así mesmo, o Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela, deberá nomear un titor desta área para supervisar as prácticas realizadas polo alumnado.
- Ao finalizar cada período de prácticas cada estudante deberán desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final sobre o realizado
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC ao través do titor/-ra académico/a, á vista da memoria final e do informe do titor/-ra de prácticas externo das dependencias nas que realizou as prácticas
- Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.

- Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentaria da Universidade de Santiago de Compostela, emitirá por cada estudante, que participase con regularidade nas prácticas externas, unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que, só surtirá efectos académicos, logo da avaliación do titor académico da USC
- O alumnado menor de 28 anos segue baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de accidentes.
- Para calquera situación non contemplada nesta Resolución estarase ao indicado no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*, aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2015

O Reitor



Juan M. Viaño Rey

**SR. DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS; SR. DIRECTOR DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GI-1628: LABORATORIO DE HIGIENE, INSPECCIÓN Y CONTROL ALIMENTARIO DA USC; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. DIRECTOR DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**

**ANEXO**

**MODELO PARA CUMPLIMENTACIÓN DOS DATOS ESPECÍFICOS DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS AUTORIZADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL A REALIZAR POR PARTE DE ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE  
CURSO ACADÉMICO 201...../201....**

Os abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos na Resolución Reitoral do 9 de decembro de 2015 da Universidade de Santiago de Compostela que autoriza a realización de prácticas no Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentario da Universidade de Santiago de Compostela ,e fan constar a seguinte información:

**1.- Tipo de prácticas:**     Curriculares             Extracurriculares             Trabajo fin de grao/máster

**2.- Estudiante beneficiario**

*Apellidos e nome:*

.....

*DNI* .....

O/a estudante declara estar ao corrente no pagamento do seguro escolar para menores de 28 anos ou ter contratado un seguro de accidentes no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional.

**3.- Titulación na que está matriculado o estudante**

.....

**4.- Centro/Dependencia e localidade onde se desenvolverán as actividades:**

.....

.....

**5.- Titor académico:**

*D/Dona*.....

*con DNI*.....

**6.- Titor externo do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentario da Universidade de Santiago de Compostela::**

*D/Dona*.....

*con DNI*.....

**7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do..... ao**

..... *Nº total de días:* ..... *Horas/día:* .....



8.- O réxime de permisos será acordado polo Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentario da Universidade de Santiago de Compostela e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentario da Universidade de Santiago de Compostela as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

10.- O Obxectivo educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

**11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)**

O seguinte proxecto formativo corresponde as prácticas académicas externas do alumnado que cursa o Grao en Nutrición Humana e Dietética que se imparte na Facultade de Ciencias de Lugo, en función do tipo de prácticas realizadas: curriculares, extracurriculares ou traballo fin de grao.

**A) PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES:**

Segundo o programa de estudos da titulación publicado no BOE o 3 de marzo de 2011 (Resolución de 17 de febreiro de 2011, da Universidade de Santiago de Compostela pola cal se publica o plan de estudos do Grao en Nutrición Humana e Dietética), as prácticas académicas externas curriculares correspóndense coa materia denominada "Prácticum", de 24 créditos ECTS (25 h/crédito ECTS), de carácter obrigatorio e correspondente ao 4º curso (2º semestre) da titulación.

Actividade formativa: distribuirase da seguinte forma de acordo co plan de estudos vixente:

- Prácticas: 490 horas presenciais na entidade colaboradora e 98 horas de traballo do alumno.
- Titorías individuais: 10 horas presenciais.
- Avaliación e revisión: 2 horas presenciais.
- Total 600 horas.

**Obxectivos:**

- Ser capaces de integrar coñecemento e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
- Saber comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- Coñecer e aplicar a lexislación, regulamentos e normativas legais en vigor que sexan de aplicación en virtude dos contidos dos estudos de Grado.

**Competencias:**

O Practicum consiste na realización de prácticas preprofesionais, cunha avaliación final de competencias, en hospitais, centros de asistencia primaria e socio-sanitarios, organizacións

comunitarias, industrias alimentarias e de restauración colectiva, que permitan incorporar os valores profesionais e competencias propias do ámbito clínico, administrativo ou de saúde pública relacionadas coa nutrición humana e dietética.

As competencias adquiridas no desenvolvemento desta materia (básicas, xerais, específicas e transversais) atópanse dispoñibles na guía docente da mesma:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/materia.html?materia=89861&ano=66>

**B) PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES:**

As prácticas académicas externas extracurriculares terán carácter voluntario e non formarán parte do plano de estudos do Grao. Figurarán no expediente do alumnado e no Suplemento Europeo ao Título sempre que se realicen antes da finalización dos estudos, conforme determine a normativa en vigor.

As citadas prácticas terán unha duración preferentemente non superior ao 50% do curso académico, é dicir, 30 ECTS (equivalentes a 750 horas, 25 h/crédito ECTS ).

En canto ás actividades a desenvolver, obxectivos, competencias, ... serán os equivalentes aos relacionados para as prácticas externas curriculares que se detallan no apartado precedente.

**C) PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG):**

Segundo o programa de estudos da titulación o TFG e una materia de 6 créditos ECTS, de carácter obrigatorio e correspondente ao 4º curso, que consiste na realización, presentación e defensa ante un tribunal universitario dun exercicio integrador ou de síntese que permita aplicar as competencias adquiridas nas materias do grao. No momento da súa presentación o alumnado deberá ter superados todos os demais créditos necesarios para a obtención do título.

O obxecto da estada nas dependencias da entidade colaboradora será a contribución á realización dos TFG, consonte as especificacións indicadas no respectivo plan de estudos e a guía docente da materia: <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/materia.html?materia=89862&ano=66>

Todos os aspectos relativos ao desenvolvemento desta materia recóllense na Normativa de Traballos Fin de Grao do Grao en Nutrición Humana e Dietética, aprobada polo Consello de Goberno da USC o 21 de febreiro de 2014 e modificada o 17 de decembro de 2014, e que se atopa publicada na seguinte ligazón: <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/normativasmaster.html>

**12.- Sistemas de avaliación e control:** O titor académico, á vista do informe do Grupo de Investigación GI-1628: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentario da Universidade de Santiago de Compostela e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.



**13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:**

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado exemplar, en....., a.....de.....de 201.....

O Titor Académico,	O Titor polo Grupo de Investigación: Laboratorio de Higiene, Inspección y Control Alimentario da USC	O alumno/a,
Asinado: .....	Asinado: .....	Asinado: .....

